

## **INFORME XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA OBRA DE “DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO. FASE 1ª”**

Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación, mediante o presente informe xustificativo de necesidade.

### **1. Necesidade e xustificación do contrato**

Conforme ao disposto no art. 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Así, o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, o abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais.

E de conformidade co establecido no artigo 26 da mesma norma, trátase dun dos servizos que os municipios deben prestar, en todo caso, independentemente da súa poboación.

Por elo, e en atribucións de dita competencias, a necesidade que se pretende cubrir co contrato, de “Dotación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no Lugar de Vilas, no Concello de Rianxo, Fase 1ª”, é a de “dar servizo ás vivendas afastadas do Lugar de Vilas e conectalas cas redes existentes. No caso da rede de saneamento finalizándoa nunha estación de depuración asentada nas proximidades do lugar, xa que o terreo ten características óptimas para ser por gravidade. A rede de abastecemento conectarase á rede municipal existente para dar servizo a unha rede de auga potable, xa que actualmente hai unha serie de vivendas que quedaron afastadas da rede existente.

Máis concretamente:

- Para a obra de saneamento, realizarase a apertura dunha gabia a cal recollerá a canalización de saneamento, segundo as necesidades de cada tramo, conectándose por pozos ás redes particulares e á existente conectándose finalmente á estación de depuración de forma directa.
- Para a obra de abastecemento, realizarase unha conducción de auga potable colocada na mesma gabia que a rede de abastecemento nos tramos onde se requira das dúas redes e nunha gabia paralela á rede existente nos demais casos.

## **2. Insuficiencia de medios**

Este Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta obra.

## **3. Lugar da intervención**

A intervención terá lugar no Lugar de Vilas, Parroquia de Asados

## **4. Prezo da intervención**

O prezo da intervención ven a ser a suma de todos os importes correspondentes ao custo da execución, ascendendo o total á cantidade de 168.420,21 euros IVE Incluído (139.190,25 euros máis 29.229,95 euros de IVE).

## **5. Duración da intervención**

O prazo para a execución de dita obra é de 4 MESES.

Á vista de todo o anterior, e constatado que a presente contratación resulta necesaria para o cumprimento das atribucións que teñen asignadas os municipios, así como a idoneidade do obxecto contractual exposto para cubrir a necesidade exposta, déixase constancia diso e asínase este Informe Xustificativo de Necesidade, con pleno sometemento ás disposicións previstas na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Rianxo, na data de sinatura dixital

O alcalde-presidente,

Adolfo Muíños Sánchez